

ACTA NÚM. 7/2022.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2022.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 19 de outubro de 2022, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

Non asisten:

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14.09.2022.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 09.09.2022 AO 14.10.2022.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCÍONS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO

CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 15/2022 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO).

6º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2023.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2022.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2022.

9º) MOCIÓNS.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 14.09.2022.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 6/2022, do 14.09.2022.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 09.09.2022 AO 14.10.2022.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data sinatura	Asunto
000499/2022	09-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ARRENDAMENTO DUN CAMIÓN ESCENARIO PARA AS FESTAS DE SANTA MINIA 2022.
000500/2022	09-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ILUMINACIÓN DAS FESTAS DE SANTA MINIA 2022.
000501/2022	12-09-22	DECRETO DE ADXUDICACION DO CONTRATO MENOR PARA A CUBRICIÓN DO PARQUE INFANTIL DO INXERIDO.
000502/2022	12-09-22	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA AGOSTO.
000503/2022	12-09-22	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA AGOSTO.
000504/2022	12-09-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 13/09/2022 ÁS 14:00 HORAS.
000505/2022	13-09-22	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS AGOSTO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000506/2022	13-09-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE FÚTBOL BASTAVALES UNIÓN DEPORTIVA.
000507/2022	13-09-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE FÚTBOL SOCIEDADE DEPORTIVA BRIÓN.

000508/2022	13-09-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE FÚTBOL SOCIEDADE DEPORTIVA LUAÑA.
000509/2022	13-09-22	DECRETO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DA SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES DE ALTAMIRA.
000510/2022	13-09-22	M.C. Nº 11/2022: XC PARA ADQUISICIÓN DE CAMIÓN GRÚA CON COLECTOR PARA A IMPLANTACIÓN DUN PUNTO LIMPO MÓBIL (FONDOS NEXT GENERATION UE).
000511/2022	14-09-22	M.C. Nº 12/2022: T.C. ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO (PARA FINANCIAR APORTACIÓN MUNICIPAL ADQUISICIÓN PUNTO LIMPO MÓBIL).
000512/2022	14-09-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 3 DA OBRA DE CAMIÑO AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000513/2022	14-09-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 4 DA OBRA DE CAMIÑO AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000514/2022	14-09-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 5 DA OBRA DE CAMIÑO AMAÑECIDA ATA GRAÑA E OUTROS.
000515/2022	14-09-22	APROBACIÓN EXPTE DE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO CAMIÓN - GRÚA CON COLECTOR PARA LA IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MOBIL .
000516/2022	14-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS O DÍA 25/09/2022.
000517/2022	14-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS O DÍA 26/09/2022.
000518/2022	14-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓNS MUSICAIS O DÍA 27/09/2022.
000519/2022	14-09-22	PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL (AXENTE DE IGUALDADE). ANO 2022.
000520/2022	14-09-22	APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DOS ORZAMENTOS 2023.
000521/2022	14-09-22	AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS.
000522/2022	15-09-22	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO.
000523/2022	16-09-22	APROBACIÓN DO PROXECTO NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN LAMIÑO.
000524/2022	16-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DUNHA ACTUACIÓN MUSICAL O DÍA 18/09/2022.
000525/2022	16-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE PROXECCIÓN DE VÍDEO SOBRE A FACHADA DA CAPELA DE SANTA MINIA.
000526/2022	16-09-22	LIQUIDACIÓN TAXAS CAMBIO DE TITULARIDADE DO CAMIÓN MARCA IVECO, MATRÍCULA 4146 GFS.
000527/2022	16-09-22	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL (EXTRAORDINARIA SETEMBRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL CURSO 2022/23.
000528/2022	19-09-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO E PLUVIAIS NA ALDEA DE TOURIS.
000529/2022	19-09-22	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN NOVO PARQUE INFANTIL CUBERTO EN LAMIÑO.
000530/2022	20-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA 4 REPRESENTACIÓNS TEATRAIS EN SANTA MINIA.
000531/2022	20-09-22	ELEVACIÓN A DEFINITIVO ACORDO PLENO 20.04.2022 DESAFECTACIÓN ANTIGA EEI DE LUAÑA.
000532/2022	21-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ESPECTÁCULO MUSICAL O DÍA 27/09/2022.
000533/2022	21-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE RAÑALONGA.
000534/2022	21-09-22	ANULACIÓN DO DECRETO NÚM. 533/2022, POR ERRO COMETIDO NA REDACCIÓN DO TEXTO.
000535/2022	21-09-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS: CAMIÑO DE RAÑALONGA.
000536/2022	21-09-22	ESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DO CONCELLO.
000537/2022	21-09-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. 1 DA OBRA DE MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA.
000538/2022	22-09-22	XXXIX CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA.

000539/2022	23-09-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/42 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000540/2022	23-09-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022-43 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000541/2022	23-09-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/45 CONTRATO.
000542/2022	23-09-22	OBRA POS + 2021: PAVIMENTACIÓN DA TRAVESÍA DE BASTAVALIÑOS.
000543/2022	23-09-22	COMISIÓN DE SERVIZOS DE SANTA MINIA 2022.
000544/2022	26-09-22	XANTAR_49_A UNHA USUARIA DO SERVIZO.
000545/2022	26-09-22	DIETAS E LOCOMOCIÓN PERSOAL - SETEMBRO 2022.
000546/2022	26-09-22	RENOVACIÓN TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 80.
000547/2022	26-09-22	ADHESIÓN FASE II APLICACIÓN GESTIÓN TRIBUTARIA TAXAS E PREZOS PÚBLICOS.
000548/2022	26-09-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/47.
000549/2022	28-09-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA EXTRAORDINARIA DE SERVIZOS DO 03/10/2022 ÁS 13:00 HORAS.
000550/2022	28-09-22	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XULLO (REGULARIZACIÓN).
000551/2022	28-09-22	CORRECCIÓN DE ERROS DO DECRETO NÚM. 548/2022 DE DATA 26/09/2022.
000552/2022	28-09-22	DECRETO DE RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. SETEMBRO 2022.
000553/2022	28-09-22	APROBACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN MANTEMENTO ELÉCTRICO INTEGRAL DO CONCELLO.
000554/2022	29-09-22	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE PATINAXE DE BRIÓN.
000555/2022	29-09-22	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE FÚTBOL BASTAVALES UNIÓN DEPORTIVA.
000556/2022	29-09-22	DECRETO DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. SETEMBRO 2022
000557/2022	29-09-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000797571.
000558/2022	29-09-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/48 (+3.000€).
000559/2022	30-09-22	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DEPORTIVO BRIÓN.
000560/2022	30-09-22	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA.
000561/2022	30-09-22	DECRETO DEVOLUCIÓN FIANZA.
000562/2022	30-09-22	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2022.
000563/2022	30-09-22	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2022.
000564/2022	30-09-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461477.
000565/2022	30-09-22	ADXUDICACIÓN DEFINITIVA (EXTRAORDINARIA SETEMBRO) DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL CURSO 2022/23.
000566/2022	30-09-22	CANON CONTRATO CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ-BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE - SETEMBRO 2022.
000567/2022	30-09-22	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/08.22 - AGOSTO 2022.
000568/2022	03-10-22	APROBACIÓN AMPLIACIÓN PRAZO EXECUCIÓN OBRA MELLORA VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA.
000569/2022	03-10-22	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO DO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000587518.
000570/2022	03-10-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 04/10/2022, ÁS 14:00 H.
000571/2022	03-10-22	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN ÚNICA DA OBRA: CAMIÑO DE IGREXA A SOIGREXA (BASTAVALES) E OUTROS.
000572/2022	03-10-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA CREACIÓN DE PARQUE CANINO NO PASEO FLUVIAL DO REGO DO PEGO.
000573/2022	03-10-22	DECRETO DE NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO_ AXENTE DE IGUALDADE.
000574/2022	03-10-22	M.C. Nº 13/2022: X.C. POR COMPROMISO FIRME DE ACHEGA 1ª FASE POS+ ADICIONAL 2/2022 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.
000575/2022	04-10-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617711.
000576/2022	04-10-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463201.

000577/2022	04-10-22	APROBACIÓN DAS AUTOLIQUIDACIÓNS TRIBUTARIAS SETEMBRO 2022. MODELO IRPF 111 E IVE 303.
000578/2022	04-10-22	DECRETO XXXIX CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA.
000579/2022	05-10-22	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A BABENZO.
000580/2022	05-10-22	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DO VIARIO DE ACCESO A GOSENDE.
000581/2022	06-10-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE 145 SINAIS VERTICAIS PARA A SINALIZACIÓN DAS ALDEAS DO CONCELLO DE BRIÓN.
000582/2022	06-10-22	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE LIMPEZA E DESATASCO DE TUBERÍAS DE FECAIS EN TOURÍS.
000583/2022	07-10-22	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 167.
000584/2022	07-10-22	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 06/2019-D.
000585/2022	07-10-22	PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO.
000586/2022	07-10-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/52 ENERXÍA ELÉCTRICA.
000587/2022	07-10-22	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/51.
000588/2022	10-10-22	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE UN CAMIÓN - GRÚA CON COLECTOR PARA IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓBIL.
000589/2022	11-10-22	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000617829.
000590/2022	11-10-22	DECRETO DEVOLUCIÓN DE INGRESO INDEBIDO.
000591/2022	11-10-22	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA DO CLUB DE FÚTBOL SD LUAÑA.
000592/2022	11-10-22	DECRETO ADMISIÓNS E ACOMPAÑAMENTO NA VIAXE DOS MAIORES A MÁLAGA 2022.
000593/2022	13-10-22	PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO.
000594/2022	13-10-22	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA SETEMBRO M.C. Nº 14/2022: T.C.ENTRE APLICACIÓNS MESMA ÁREA DE GASTO OU QUE AFECTAN A CRÉDITOS DE PERSOAL.
000596/2022	13-10-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) O 18/10/2022, ÁS 13.15 HORAS.
000597/2022	13-10-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 18/10/2022, ÁS 13.00 HORAS.
000598/2022	14-10-22	DECRETO DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DA SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES DE ALTAMIRA.
000599/2022	14-10-22	DECRETO DE APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLO SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2022.
000600/2022	14-10-22	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2022 DO CLUB DE FÚTBOL SOCIEDADE DEPORTIVA BRIÓN.
000601/2022	14-10-22	AMPLIACIÓN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2022-D.
000602/2022	14-10-22	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO 19/10/2022, ÁS 13.00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

3º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía do 22.09.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 18.10.2022, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2021 a agosto de 2022, que é do: 10,50%, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría, propono ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016, 14.12.2017, 12.12.2018, 11.12.2019, 15.12.2020, e 16.12.2021.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

- Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,682 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,890 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,330 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,501 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,550 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,664 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabia:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	233,55	300,78	360,27
1"	251,73	317,67	373,80
1 ¼ "-1 ½"	302,83	369,45	425,63
2 "	360,36	425,60	482,47

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	10,83	12,70	18,14	30,49

(B) incremento € por m	23,90	25,83	31,19	43,53
(C) incremento € por m	28,79	29,87	36,00	48,28

Epígrafe 4. Contadores

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	95,70 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	121,28 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	213,20 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	65,68 € /ud.
Ø 15 mm	65,68 € /ud.
Ø 20 mm	91,24 € /ud.
Ø 25 mm	148,66 € /ud.
Ø 30 mm	207,80 € /ud.
Ø 40 mm	322,15 € /ud.
Ø50 mm	703,85 € /ud.
Ø 65 mm	872,55 € /ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,94 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	33,30 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

4º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE ADHESIÓN AO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR) E DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

Dada conta da proposta da alcaldía do 10.10.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 18.10.2022, que transcrita di:

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de xuño de 2022, aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Antifraude da Deputación Provincial da Coruña (Plan PREMADECOR), cuxo texto foi publicado no Boletín Oficial da Provincia do 4 de xullo de 2022.

A aprobación deste Plan e a posta en funcionamento dos mecanismos antifraude que se describen no mesmo, teñen como finalidade darlle debido cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, lle impón a España e ao conxunto dos estados membros en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea como beneficiario dos fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), pois toda entidade, ben sexa decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispor dun plan de medidas antifraude, de xeito que lle permita garantir e declarar que no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes téñense utilizado de conformidade coas normas aplicábeis, en concreto, no que se refire á prevención, detección e corrección do fraude, a corrupción e o conflito de intereses.

No mencionado plan se prevé a posibilidade de adhesión dos concellos da provincia ao Plan e aos seus mecanismos antifraude, principalmente os concellos de ata 10.000 habitantes.

Considerando conveniente adherirse a este Plan e delegar as competencias na Deputación e visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Adherirse ao PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E MEDIDAS ANTIFRAUDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA (PREMADECOR), aprobando todos os seus documentos e formularios.

SEGUNDO.- Delegar na Deputación da Coruña todas as funcións e competencias referidas á aplicación do PREMADECOR: análise previo de riscos, uso do canle de bo goberno e denuncias, instrución e resolución dos procedementos administrativos e sancionadores derivados da aplicación deste Plan, mesmo a competencia para a xestión recadatoria dos ingresos de dereito público resultante. Aceptando as bases aprobadas polo Pleno da Deputación da Coruña, co seguinte contido:

BASES PARA A DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DE ANÁLISE DE RISCOS, USO DO CANLE DE BO GOBERNO E DENUNCIAS, INSTRUCIÓN E RESOLUCIÓN DOS PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS DE COMPETENCIA DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

PRIMEIRA.- Contido da delegación.

1. Unha vez adherido ao PRAMEDECOR, a delegación abranguerá todas as funcións e competencias referidas a aplicación efectiva do Plan en cada un dos proxectos de gasto con financiamento procedente do PRTR da Unión Europea.
2. En cada expediente, a Deputación realizará unha análise previa de riscos, asesorará ao concello na tramitación dos procedementos e incorporación aos mesmos das DACi e de calquera outro documento en relación co control dos fondos procedentes do PRTR da Unión Europea.
3. Na sede electrónica do Concello haberá disposto un enlace co Canle de Bo Goberno e denuncias da Deputación, de xeito que calquera persoa poderá presentar unha denuncia referida a un posible uso ou tramitación irregular dos procedementos administrativos dos expedientes de gastos municipais financiados co PRTR da Unión Europea.
4. A Deputación tramitará os procedementos correctivos e sancionadores que resulten aplicábeis e acordará o reintegro dos fondos indebidamente aplicados, cos xuros de demora correspondentes. Tamén tramitará os procedementos sancionadores, impondo no seu caso as sancións previstas na Lei.
5. As liquidacións resultantes serán aprobadas pola Deputación, entidade que instruirá os procedementos de recadación para o seu cobro, tanto período voluntario como executivo. Para tal efecto, resultarán de aplicación as Bases para a prestación de servizos tributarios publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 209, de 3 de novembro de 2021.

SEGUNDA.- Procedemento para a tramitación da análise de riscos en cada expediente de gasto.

1. Unha vez aprobado polo órgano competente do Concello o proxecto de gasto, no que quede acreditado o compromiso firme de achega de fondos procedentes do PRTR da Unión Europea, o expediente completo, cos informes de secretaría e do órgano interventor municipal, será remitido á Deputación da Coruña a través do SIR, instando a elaboración da análise previa de riscos.
2. Recibido o expediente, o Negociado de control financeiro e auditoría, baixo a supervisión e coa conformidade do órgano interventor, elabora realizará a análise previa de riscos, elaborando o documento correspondente.

3. O traballo realizado será ditaminado polo CADECOR da Deputación, emitíndose informe de conformidade ou instando a emenda das deficiencias advertidas.

4. Unha vez recibido o informe de conformidade do CADECOR, o resultado do traballo realizado, xuntamente coa devolución do expediente, será remitido ao concello delegante para que proceda ao seu informe e aprobación.

5. Do acordo de aprobación, da súa aplicación e das incidencias que poidan xurdir, darase conta a efectos informativos ao CADECOR.

TERCEIRA.- Procedemento de tramitación de denuncias, impulso e tramitación e resolución de procedementos.

1. Unha vez recibida unha denuncia no canle de bo goberno e denuncias, comunicarase de xeito inmediato ao concello interesado, para que poida adoptar as medidas cautelares que estime máis axeitadas. Simultaneamente, o CADECOR procederá á apertura dunhas actuacións previas para coñecer as circunstancias do caso concreto, de conformidade co disposto no apartado 2.3 do PREMADECOR.

2. Concluídas as actuacións previas, nos casos en que procedan os feitos serán comunicados á entidade decisoria ou entidade executora, así como á autoridade responsable. Simultaneamente denunciará os feitos coñecidos ás autoridades públicas competentes.

3. Nos casos en que proceda, a Deputación, a través do Negociado de Control financeiro e auditoría, tramitará os procedementos de reintegro de fondos públicos e, no seu caso, os procedementos sancionadores en materia de subvencións.

4. Os Servizos tributarios da Deputación levarán a cabo os procedementos de recadación, nos termos establecidos nas Bases para a delegación desta función.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 15/2022 (CRÉDITO EXTRAORDINARIO).

Dada conta da proposta da alcaldía do 13.10.2022, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 18.10.2022, que transcrita di:

Visto que o artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de crédito extraordinario para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o cal non exista crédito consignado no Orzamento, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario acometer as obras relacionadas na Memoria de alcaldía obrante no expediente e descritas nos correspondentes proxectos e memorias técnicas, para as que o crédito consignado no vixente Orzamento da Corporación e insuficiente e non ampliable, e considerando que se dispón dalgúns dos medios de financiamento previstos na lexislación de facendas locais.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito número 15/2022 do Orzamento Municipal para o exercicio 2022, crédito extraordinario nº 02/2022, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
1531	631.00	Acceso aos núcleos de poboación. Terreos e bens naturais <i>(Reforzo e mellora estrutural do acceso a aldea de Vilas-Bastavales)</i> <i>PG 2022/4/RMEST/1</i>	45.375,00
1532	639.00	Pavimentación de vías públicas. Outros investimentos de reposición asociados ao funcionamento operativo dos servizos <i>(Bacheo de pista en Chave de Ponte-Bastavales)</i> <i>PG 2022/4/BPBAS/1</i>	16.092,99
342	630	Instalacións deportivas. Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo dos servizos <i>(Renovación do pavimento da pista deportiva do Inxerido)</i> <i>PG 2022/4/RPPIS/1</i>	19.145,25
933	632.00	Xestión do patrimonio. Edifícios e outras construcións <i>(Renovación do pavimento da pista do Pavillón polideportivo municipal do Concello de Brión)</i> <i>PG 2022/4/RPPAV/1</i>	46.129,13
933	632.00	Xestión do patrimonio. Edifícios e outras construcións <i>(Substitución de luminarias do Pavillón municipal)</i> <i>PG 2022/4/SLPAV/1</i>	11.596,64
		Total	138.339,01

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	138.339,01

Segundo.- Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2022, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

Terceiro.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que votaremos a favor pero que esta clase de expedientes deben traerse ao Pleno para aprobar e logo facer os traballos; sabemos que desde o luns o pavillón está pechado e que o lóxico é aprobar o expediente e logo facer as obras.

O Sr. Alcalde sinala que a min chegoume a urxencia de facer esta actuación a través do técnico de deportes, que a pista estaba moi mal, e logo pasou a urbanismo para facer o proxecto, e non se podía facer en verán polo tema das resinas que se empregan, nin no inverno por mor da humidade, e entendo que é unha necesidade urxente aínda que non se tramitara correctamente, adiantámonos para facela canto antes.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que se temos pechado o pavillón un mes implica que a conciliación de pais e nais se resentirá; preocúpame primeiro o procedemento e segundo que volve a pasar por poucos días pero pasa.

O Sr. Alcalde sinala que calquera obra xera molestias e a conciliación non pasa por facer unha hora de deporte ao día; esta obra é unha prioridade dos veciños.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2023.

Dada conta do decreto da alcaldía do 14.09.2022, sobre liñas fundamentais do orzamento 2023, que transcrito di:

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 15 a obrigación de remitir información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea.

A remisión, conforme ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFAFP) habilite ao efecto.

Por todo o exposto e en uso das competencias establecidas no artigo 21.1s) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local RESOLVO:

Primeiro: Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para 2023 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de

información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira:

INGRESOS	Ano 2022 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación das previsións iniciais)
Ingresos Correntes	6.728.700,54	2,13	6.872.021,86
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.728.700,54	2,13	6.872.021,86
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	0,00	0,00	0,00
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos imponibles non gravados	0,00	0,00	0,00
Medida 3: Correcta financiación de taxas e prezos públicos	0,00	0,00	0,00
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	0,00	0,00	0,00
Ingresos de Capital	196.661,18	2,00	200.594,40
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	196.661,18	2,00	200.594,40
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Ingresos no financeiros	6.925.361,72	2,13	7.072.616,26
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.925.361,72	2,13	7.072.616,26
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Ingresos financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.000,00	0,00	24.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Ingresos totales	6.949.361,72	2,12	7.096.616,26
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.949.361,72	2,12	7.096.616,26
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00

A) DETALLE DOS INGRESOS CORRENTES	Ano 2022 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 1 e 2: Impostos directos e indirectos	2.150.480,54	2,41	2.202.237,45
Imposto sobre Bens Inmóbles	1.504.390,23	2,50	1.541.999,99
Imposto sobre Actividades Económicas	58.303,96	2,00	59.470,04
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	309.735,13	2,00	315.929,83
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana	128.171,51	2,00	130.734,94
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	149.879,71	2,82	154.102,65
Cesión de impostos do Estado	0,00	0,00	0,00
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0,00	0,00
Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.449.667,55	2,00	1.478.660,90
Capítulo 4: Transferencias Correntes	3.126.312,16	2,00	3.188.838,41
Participación nos Tributos do Estado	1.699.585,88	2,00	1.733.577,60
Resto de Transferencias Correntes (resto Capítulo 4)	1.426.726,28	2,00	1.455.260,81
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	2.240,29	2,00	2.285,10
TOTAL DE INGRESOS CORRENTES	6.728.700,54	2,13	6.872.021,86

B) DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2022 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0,00	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de Capital	196.661,18	2,00	200.594,40
TOTAL DE INGRESOS DE CAPITAL	196.661,18	2,00	200.594,40

C) DETALLE DE INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2022	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 8: Ingresos por Activos Financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
Capítulo 9: Ingresos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE INGRESOS FINANCIEROS	24.000,00	0,00	24.000,00

GASTOS	Ano 2022 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación dos créditos iniciais)
Gastos Correntes	6.038.302,43	1,42	6.123.752,49
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.038.302,43	1,42	6.123.752,49
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Medida 1: Reducción de costes de persoal	0,00	0,00	0,00
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo [...]	0,00	0,00	0,00
Medida 3: Limitación de salarios nos contratos mercantiles ou de alta dirección	0,00	0,00	0,00
Medida 4: Reducción do número de Conselleiros da Administración	0,00	0,00	0,00
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias de acordo a la reforma en proceso	0,00	0,00	0,00
Medida 6: Reducción do número de persoal de confianza	0,00	0,00	0,00
Medida 7: Contratos externalizados	0,00	0,00	0,00
Medida 8: Disolución das empresas que presentan pérdidas	0,00	0,00	0,00
Medida 9: Realizar un estudo de viabilidade e análise de coste/beneficio	0,00	0,00	0,00
Medida 10: Reducción da celebración de contratos menores	0,00	0,00	0,00
Medida 11: Reducción das cargas administrativas para os cidadáns	0,00	0,00	0,00
Medida 12: Modificación da organización da Corporación Local	0,00	0,00	0,00
Medida 13: Reducción da estrutura organizativa da Entidade Local	0,00	0,00	0,00
Medida 14: Reducción na prestación de servizos de tipo non obrigatorio	0,00	0,00	0,00
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos	0,00	0,00	0,00
Gastos de Capital	887.059,29	2,13	905.953,06
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	887.059,29	2,13	905.953,06
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Medida 16: Non execución de inversións previstas inicialmente	0,00	0,00	0,00
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital	0,00	0,00	0,00
Gastos non financeiros	6.925.361,72	1,51	7.029.705,55
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.925.361,72	1,51	7.029.705,55
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Gastos financeiros	24.000,00	178,79	66.910,71
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.000,00	178,79	66.910,71
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00
Gastos totais	6.949.361,72	2,12	7.096.616,26
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.949.361,72	2,12	7.096.616,26
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00	0,00

A) DETALLE DOS GASTOS CORRENTES	Ano 2022 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 1: Gastos de Persoal	2.613.226,52	2,00	2.665.491,05
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	2.835.392,26	0,75	2.856.784,12
Capítulo 3: Gastos financeiros	12.000,00	2,00	12.240,00
Capítulo 4: Transferencias Correntes	577.683,65	2,00	589.237,32
Capítulo 5: Fondo de Continxencia	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE GASTOS CORRENTES	6.038.302,43	1,42	6.123.752,49

B) DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL	Ano 2022 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 6: Inversións Reais	887.059,29	2,13	905.953,06
Capítulo 7: Transferencias de Capital	0,00	0,00	0,00
TOTAL DE GASTOS DE CAPITAL	887.059,29	2,13	905.953,06

C) DETALLE DE GASTOS FINANCEIROS	Ano 2022 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 8: Gastos por Activos Financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
Aportacións patrimoniais	0,00	0,00	0,00
Outros gastos en activos financeiros	24.000,00	0,00	24.000,00
Capítulo 9: Gastos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00	42.910,71
TOTAL DE GASTOS FINANCEIROS	24.000,00	0,00	66.910,71

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	Ano 2022	Taxa de variación 2023/2022	Ano 2023
Saldo de Operacións correntes	690.398,11		748.269,37
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	690.398,11		748.269,37
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións de capital	-690.398,11		-705.358,66
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-690.398,11		-705.358,66
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		42.910,71
Saldo de Operacións no financeiras	0,00		42.910,71
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	0,00		0,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		-42.910,71
Saldo de Operacións financeiras	0,00		-42.910,71
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	0,00		0,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		42.910,71
Saldo operacións non financeiras	1.572.399,84		1.572.399,84
(+/-) Axustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiación. SEC-95	1.572.399,84		1.615.310,55
Capacidade ou necesidade de financiación	638.455,66	-6,72	595.544,95
Deuda viva a 31/12	0,00	0,00	0,00
- A curto prazo	638.455,66	-6,72	595.544,95
- A longo prazo	0,00	0,00	0,00
Ratio de Deuda viva/ Ingresos Correntes	0,09	0,00	0,09

Pasivos contixentes	ANO 2022 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)			Taxa de variación 2023/2022	ANO 2023 (Estimación dos Créditos iniciais)		
	Non Incluidos no orzamento	Incluidos no orzamento	Total		Non Incluidos no orzamento	Incluidos no orzamento	Total
Avales concedidos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos morosos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Garantías	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Por sentencias- expropiacións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Otros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Préstamos morosos	2022	2023
Saldo vivo (sin deducir deterioros) de los préstamos concedidos pendientes de amortizar (*) a 31/12 por:	0,00	0,00
Administración General de la Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos de la Corporación Local, clasificados en	0,00	0,00
Resto de entidades controladas por la Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL SALDO VIVO DE PRÉSTAMOS CONCEDIDOS:	0,00	0,00
Desglose del dato anterior (saldo vivo) correspondiente a los importes en situación de mora (*):	0,00	0,00
Administración General de la Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos de la Corporación Local, clasificados en	0,00	0,00
Resto de entidades controladas por la Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL IMPORTES DE PRÉSTAMOS EN SITUACIÓN DE MORA:	0,00	0,00

(*) se refiere a importes de préstamos concedidos a entidades que no consolidan dentro del Sector Administraciones Públicas, definido de acuerdo al SEC.

Segundo: Remitir conforme á Orde HAP/2105/2012, por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFAFP) os datos correspondentes de acordo cos formularios establecidos ó efecto.

Terceiro: Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre ó efecto.

O Pleno queda enterado.

7º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGACIÓNS DE COMUNICACIÓN TRIMESTRAL DA CORPORACIÓN DA EXECUCIÓN DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda en cumprimento do art. 16 da Orde HAP/2015/2012, do 1 de outubro, referente á avaliación da estabilidade e da regra do gasto correspondente ao 2º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

8º) DACIÓN DE CONTA DA SITUACIÓN DE MOROSIDADE E DO CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2022.

Dada conta da información remitida por vía telemática con anterioridade por intervención ao Ministerio de Facenda referente á situación de morosidade e do cálculo do período medio de pago correspondente ao 2º trimestre de 2022, mediante a súa posta a disposición desde a convocatoria da sesión plenaria, o Pleno queda enterado.

9º) MOCIÓNS.

Aprobouse por unanimidade dos once membros presentes a urxencia da seguinte moción:

9.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O USO PARTIDISTA POR PARTE DO GRUPO MUNICIPAL DE GOBERNO DA REVISTA ALTAMIRA.

Dada conta da moción, que transcrita di:

Repetimos aquí, unha vez máis, unha moción que xa trouxemos no mesmo formato no ano 2015 e como pregunta en máis ocasións. Hai cousas que non mudan no concello de Brión sexa quen sexa o alcalde, unha delas é o uso partidista e propagandista da revista Altamira e doutros medios, pagados por todos e todas as veciñas sexa cal sexa o partido ao cal votan cada 4 anos.

É a opinión de moitos veciños que ao mesmo tempo do noso grupo municipal observan como unha gran parte das opinións, informacións e contidos en xeral da mesma responden a unha

estratexia propagandística por parte do Grupo Municipal Socialista especialmente e concretamente do Sr. Alcalde baseada en promover, promulgar e dar maior grandiosidade aos teóricos e supostos méritos de goberno, sen ter máis opinión nin información contrastada que a baseada na súa liña editorial e persoal. Sen ir máis lonxe comprobamos neste último número do panfleto en cuestión que nas 23 páxinas totais podemos asistir a un publireportaxe de 13 fotos do señor alcalde Pablo Lago, e por sorte a revista non contempla vídeos. Nin unha soa páxina para os dous grupos da oposición aínda que si se fala doutros políticos curiosamente do mesmo grupo político que "goberna" en Brión. Entendemos que o uso das liñas editoriais dos medios de comunicación é unha constante habitual mais non por iso lexítimo o uso medios públicos pagados cos cartos de toda a veciñanza para loar a sombra e figura de determinadas persoas.

En consecuencia, ante tal uso partidista do que ten que ser unha ferramenta informativa, solicitamos do pleno da corporación municipal de Brión a adopción do seguinte ACORDO:

1- Fiscalizar o gasto correspondente a revista Altamira dando a coñecer de forma clara e non a través de plataformas que non todo o mundo controla a toda a veciñanza e aos grupos municipais cal é o gasto real deste medio e como estase a xestionar. Por exemplo no próximo exemplar da revista, porque (spoiler) haberán máis.

2- Instar ao goberno municipal un uso máis imparcial, baseado exclusivamente en termos informativos, de interese xeral, cultural, económica e divulgativo, e sobre todo pensando nos veciños/as e non no partido.

3- Deixar exclusivamente un espazo reservado a todos os grupos municipais (con representación), os que gobernan e os que non gobernan. Os veciños e veciñas teñen dereito a coñecer que se está a facer por parte de todos os grupos e cales son as propostas que se achegan aos plenos, dado que os mesmos tampouco están permitidos ser gravados por decisión do goberno. Deste xeito funcionan moitas das revistas o xornais municipais de arreo o país con diversos tipos e cores de goberno.

4- Entendemos que cando un grupo municipal quere facer publicidade do seu partido, asemblea o persoas téñeno que facer exclusivamente polos seus propios medios e evidentemente pagada polo partido ou afiliados e non polos veciños/as en xeral. Para iso existen as achegas municipais por grupos políticos.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que isto repítese, entendemos que non lle guste porque se nós estiveramos na oposición tampouco nos gustaría; se me di que fago uso partidista e me di que deixe espazos para os outros grupos paréceme unha incongruencia; a revista Altamira publica actividades do Concello e todos os veciños aos que no lle chega veñen por aquí para dicilo, e o gasto da revista xa figura na páxina web.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a revista non é do Concello, é do PSG-PSOE, e non vexo incongruencia en que os tres grupos municipais teñan a súa parte na revista para informar aos veciños, xa non digo que na revista figure de onde xurdiu a idea de facer algunhas cousas; se o que quere é sacar fotos dos principais líderes do PSG-PSOE paréceme ben, pero que o pague ese partido, non os veciños.

Engade o Sr. Concelleiro que está posto o custe no portal pero que a xente do corrente quere saber claramente o que custa; hai pouco colocouse na páxina web do Concello unha noticia do PSG-PSOE.

O Sr. Alcalde sinala que o Concello faise eco dunha noticia onde figura o Alcalde de Brión, que son eu.

O Sr. Concelleiro sinala que o que non pode poñer é unha noticia do PSG-PSOE, non pode facerse na páxina web do Concello.

O Sr. Alcalde sinala que o que fixo o Concello foi facerse eco desa noticia; e respecto da revista Altamira que leva trinta e cinco anos e todos os veciños se senten identificados con ela, e se fixo sempre en galego, e vai seguir facéndose, e está feita por distintos departamentos do Concello.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta, cantos representantes do PP que gobernan na Xunta saíron na revista?

Responde o Sr. Alcalde que o Vicepresidente da Xunta coa entrega do camión do GES saíu na anterior revista, e remata dicindo que teña vostede coidado en dicir que os veciños de Brión non queren a revista.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que iso non o dixen eu, eu o que digo é que hai veciños de Brión que non queren a revista como está, queren unha revista plural, porque agora é unha revista escandalosa e hai que gardar un pouco as formas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, pertencentes aos grupos municipais do PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (7).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

10º) ROGOS E PREGUNTAS.

10.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1 . SOBRE ASISTENCIA SOCIAL E USO DO POS SOCIAL 2022.

En diversas ocasións trouxemos a este pleno a necesidade de cobertura máxima en materia social para a veciñanza en estado de necesidade (e entendemos que non se debe confundir necesidade con precariedade). A estas alturas da situación económica e social son moitas as familias que están a precisar de axuda no eido social e sobre todo no tema educativo tal e como insistimos no último pleno. A resposta por parte do equipo de goberno non se corresponde coa realidade social que se vive nas parroquias e aldeas de Brión e que sen dúbida coñecen sobradamente. Insistimos unha vez máis en que se valore e xestione o número máximo de axudas nesta materia e que se fagan chegar todas as axudas dispoñibles á poboación de Brión. Por outra parte desexamos saber dende este grupo cal é o uso que se lle está a dar as axudas do POS Social da Deputación da Coruña.

Responde a Sr^a. Concelleira Cebal Gómez que no referente ás axudas á veciñanza desde o departamento de servizos sociais se está traballando para axudar a todas aquelas persoas que o necesiten, sexan ou non usuarias de servizos sociais.

Respecto do POS Social, se imputan gastos de temas escolares, material escolar, roupa e diversas cousas e cubrir servizos básicos de luz, gas; desde servizos sociais traballan e se existen persoas con necesidades se lles atende e pensan desde servizos sociais que é unha forma áxil porque unha convocatoria retrasaría todo o procedemento, e outra parte deste POS vai aos programas de conciliación.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que pensamos que o departamento de servizos sociais debía ser máis pro activo, porque hai xente que sente vergoña polo feito de ir alí, queremos pensar que a xente que pasa fame está atendida, pero que hai xente que ten outros problemas diferentes que tamén deben ser atendidos, e que en 2021 o Concello devolveu 51.000 euros do POS social, iso en Arteixo pode pasar porque son ricos, non sabemos porqué non se dispuxo deses cartos para os veciños, esperemos que en 2022 non se devolva por este importe, sabemos que hai

moita xente que ten moitas necesidades, con eses 51.000 euros podía facerse moita conciliación, un programa auténtico de conciliación, non unha hora como fan vostedes.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que eu non levo servizos sociais e houbo programas de conciliación que só houbo catro persoas.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nun parque dun centro comercial non se pode conciliar, aínda que xa sei que agora isto non toca.

2. SOBRE O GASTO ELÉCTRICO POR PARTE DO CONCELLO.

En varios modificativos de crédito vemos como chega ata este pleno facturas das compañías eléctricas como consecuencia de incrementos ou ben de facturas pendentes, todas son votadas por unanimidade porque obviamente as débedas hai que pagalas. O que non se entende e que en plena crise enerxética, en plena crise onde as familias teñen que apretar o cinto para poder facer fronte as súas facturas de luz e gas, un concello como o de Brión se permite o luxo (luxo asiático diríamos) de ter de forma reiterada farois encendidos durante a xornada diurna. Como se pode ver na documentación adxunta (documento I), non é casualidade dun día nin dun lugar determinado, é algo insistimos, repetitivo. Dende este grupo solicitamos unha explicación lóxica do motivo deste feito e o primeiro se regule a duración ou o automatismo necesario, cousa que sería innecesario se o equipo de goberno saíra a comprobar as parroquias xa que cunha simple visual pódese comprobar.

Despois énchesenos a boca de medidas de aforro enerxético no tan publicitado tema do cambio de luminaria, o certo e a realidade e que parece ser que o tema do aforro enerxético é exclusivo para a veciñanza, as do concello as pagamos entre todos e todas.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que esas fotos que xuntan son das tarefas de mantemento que fai a empresa e nos últimos meses foi chamativo porque hai meses que sufrimos sabotaxes nos cadro e nas liñas, estamos intentando dar solución a isto.

O Sr. Alcalde sinala que estamos sufrindo unha oleada de sabotaxes nos cadros, se reparan e ao día seguinte non está, e xa denunciámos na garda civil.

O Sr. Concelleiro Penas Corral pregunta se temos sabotaxes en todos os sitios, respondendo o Sr. Alcalde que si, e xa está comunicado na garda civil.

O Sr. Concelleiro sinala que si traemos isto é porque os veciños nos din como é posible que estean as luces encendidas pola mañá, nós cremos o que di vostede.

O Sr. Alcalde remata dicindo que hoxe mesmo están encendidas e apareceu outro cadro coas luces cortadas, a problemática é esa.

3. SOBRE O CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

Certamente non tiñamos pensado dende este grupo volver traer un tema que como mínimo chegou 5 veces ata este pleno, pero vista a preocupación súbita que parece amosar cando mínimo o partido que soporta esta corporación dende o goberno polo tema escolar, preocupación que ata agora dábase por desaparecida, vémonos na necesidade de volver solicitar a creación dun consello escolar municipal para xestionar temas como os da Luaña, Sabaxáns ou mesmo a do profesor de música en Pedrouzos. Entendemos que o consello escolar municipal podería axudar a xestionar, informar e sobre todo participar a todos nós, o cal é algo que vai contra a política publicitaria do equipo de goberno, mesmo a súa creación podería ser vendida posteriormente na revista Altamira como obra e gracia do señor alcalde pero nós somos así e pensamos na veciñanza e sobre todo nos numerosos problemas escolares que levamos

sufriendo estes últimos tres anos e nos que o PsdG non apareceu, ata agora que estamos en campaña.

A pregunta é sinxela: ten pensado este goberno crear o consello escolar municipal tal e como se comprometeu publicamente en sesión plenaria?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que xa se falou, comprometémonos a súa creación e estamos traballando niso e antes de que remate o mandato estará creado.

4. SOBRE A PRESENZA DE LIXO EN MOITOS PUNTOS DE BRIÓN.

En moitos puntos do noso concello aparece depositado lixo de maneira totalmente irregular provocando situacións de contaminación e imaxe de abandono e descoido total como pode apreciarse nas fotografías que axuntamos (documento 2).

Xúntanse aquí maneiras de proceder inapropiadas dalgúns veciños coa deixadez do goberno municipal: non se recollen estes residuos durante meses ou anos, non se fan campañas de información e sensibilización e tampouco hai punto limpo fixo nin móbil pese ás promesas reiteradas neste pleno.

Ten pensado facer algo o goberno municipal para resolver este problema?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que esa problemática xa está falada neste pleno, e nalgúns puntos xa se recolleu, non é porque os veciños non teñan información, tanto na web como na revista se da información do reciclaxe, no seu momento puxéronse carteis, pero os arrancaron, e en Nadal sacamos un libro sobre reciclaxe que tamén se criticou neste pleno; engade que moito lixo non é de veciños de Brión, é de xente que vai de paso e o deixa en Brión, non podemos facer moito máis contra iso, e para rematar lle informo que a semana pasada adxudicouse o punto limpo móbil e previsiblemente antes de que remate o mes estará traballando.

O Sr. Alcalde sinala que estará fixo nun sitio, en moitos sitios, e despois vaise recoller cun camiión con grúa, xa iremos regulando o funcionamento pouco a pouco.

10.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1.- O concello comprometeuse no mes de xuño, despois dunha xuntanza con representantes do consello escolar, a arranxar o chan dos trasteiros do Ceip Pedrouzos. Indicando que se faría no período vacacional do colexio e a data de hoxe están sen arranxar.

Cando se ten previsto arranxar o mesmo? Xa se ten unha data concreta?

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que é certo, aínda que non é de mantemento, é da consellería, imos contratar unha empresa e a previsión é facelo en vacacións de Nadal porque en verán non puideron.

2.- Nestes últimos plenos, estase a falar de varios parques infantís, pero todos na zona de Os Ánxeles, Bastavales e Brión, pero nas parroquias de Viceso, Ons, Luaña e Cornanda non hal ningún. Tense previsto no Concello facer algún nesas zonas ?

En todo caso, dende este grupo municipal propoñemos que se inclúan nos presupostos do ano que ven a construción dun parque infantil nesas zonas.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que na Luaña hai un e en Cornanda tamén.

A Sr^a Concelleira Fariña Bellón sinala que só hai un columpio, porque parques infantís son os de aquí abaixo.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que temos a previsión de poder incluír un parque nunha desas dúas parroquias en función do terreo que poidamos ter e número de nenos.

3.- Brión ten unha banda de música municipal que é un dos estandartes culturais do noso concello. Da cal durante moitos anos veciños e familias de Brión, como de localidades limítrofes formaron parte da súa vida e historia.

O día da Santa Minia podemos observar que está nun momento álxido de formación e xuventude xunto coa experiencia de persoas que levan moitos anos no mundo da música e a cultura. Creemos que esta asociación agora mesmo non dispón das axudas e dunha indumentaria adecuada para os tempos que vivimos dado que moitos dos seus compoñentes ían con traxes distintos ou incluso pezas de roupa que non corresponden a dito uniforme dunha agrupación cultural.

Queremos preguntarlle o goberno local as seguintes cuestións, e que as aclare na medida do posible:

- De que axudas ou presuposto público municipal (subvencións) dispón agora mesmo esta entidade cultural ?.
- Que posibilidades hai de aumentar dito presuposto ou de facilitarlle axuda por outras vías municipais ou doutras administracións ?.

- Dotar os seus compoñentes de uniformes ou axudar a agrupación economicamente para que poidan facelo eles mesmos.

- A día de hoxe, en que situación se encontran os acordos do concello coa banda de música para festas e actuacións municipais e nas parroquias?.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que este ano tiveron unha subvención nominativa de 3.600,00 euros, pódese aumentar a cantidade, está aberta a posibilidade, pero eu tiven reunións coa directiva e non piden máis porque tampouco poden xustificar; o Concello pon o local e o director é persoal municipal; o tema dos uniformes nos comprometemos a axudarlles, enviaron o orzamento a semana pasada e a ver se o podemos meter no orzamento de 2023, hai un convenio onde se di que hai unha actuación en cada parroquia.

O Sr. Concelleiro Carballo García sinala que en moitos sitios van nos seus vehículos particulares, iso hai que melloralo, hai condicións que teñen que mellorar, pedimos que se axude algo máis.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que por suposto, na próxima reunión comentareille isto a ver que me poden dicir.

4.- Dende hai polo menos tres ou catro lexislaturas o noso concello fíxose a idea de ter un auditorio municipal do cal todas aquelas asociacións e formacións culturais puideran facer uso e desfrute para ensaios e actuacións, así como todas as xentes deste concello e bisbarra para eventos ou actos públicos.

Dado que durante tantos anos se anunciou a súa apertura en mitins e reunións e agora estase rematando esta nova lexislatura cun cambio na alcaldía significativo para todos, esperamos obter algunha resposta e aclaración:

- A día de hoxe gustaríanos saber en que situación se encontra o trámite ou a idea de levar a cabo dita construción.

- De non haber xa ningunha posibilidade de levalo a cabo, deberíase dar as correspondentes explicacións a todos os veciños e veciñas que tantos anos levan coa idea de velo feito.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que isto é algo que leva moitos anos falándose e vendéndose, está claro; o proxecto que había é moi antigo e xa non cumpre a normativa actual polo que estamos intentando facer un proxecto novo para que dea solución agora e no futuro, para que non quede pequeno como sucedeu con outras cousas, e cando se remate o proxecto temos que buscar financiamento doutras administracións porque o Concello só é moi complicado, a idea segue aí e o consideramos moi necesario.

O Sr. Alcalde sinala que sería moi importante para este Concello facer un auditorio.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que sería moi interesante saber o que custou o proxecto e que non valga para nada.

O Sr. Alcalde sinala que fíxose hai vinte anos e agora non vale, e remata sinalando que buscar para o financiamento desta actuación 20 millóns de euros, non é doado.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e dez minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González